



## BANDO DA ALCALDÍA

---

### **Julián Bustelo Abuín, Alcalde do Concello de Rianxo, INFORMO:**

O Concello de Rianxo vén de iniciar o procedemento para cubrir a vacante de xuíz/a de paz titular deste municipio, o cal se rexerá polas seguintes bases:

#### **Requisitos das persoas candidatas:**

- Ser español/a.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

#### **Presentación de candidaturas:**

- As persoas interesadas en optar ao cargo presentarán as súas candidaturas no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo.
- O prazo de presentación de candidaturas é de quince días hábiles a partir da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

#### **Documentos que se achegarán á solicitude:**

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculpado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.
- Certificado médico de non padecer doenza que incapacite para o exercicio do cargo.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade para exercer o cargo.
- Xustificación dos méritos que se aleguen, de ser o caso.

Para máis información pode contactar co Concello de Rianxo a través do teléfono 981860075.

---

**Julián Bustelo Abuín**

**Alcalde do Concello de Rianxo**